

Exp: 6/00 FD: 927

PROVINCIA: LUGO	MUNICIPIO: PIEDRAFITA
------------------------	------------------------------

CARPETA-FICHA DEL MONTE:

" DE PALLARVELLO y PORFIA "

COMUNIDAD PROPIETARIA

VECINOS DE PALLARVELLO y PORFIA

CLAVE DEL MONTE

PROVINCIA	MUNICIPIO	COMUNIDAD PROPIETARIA	MONTE
LU	45	8. 6/7	1

SUPERFICIE

HECTAREAS
168

25

XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº: 6/2000.

RESOLUCIÓN

PRESIDENTE:

Don Luis González Vázquez.

VOCALIS:

Don Manuel Martínez Garrido.

Don José Antonio Illán Torrón.

Don Emilio Sánchez Coto.

Don Manuel Veiga Franco.

SECRETARIO:

Don Luis Quiroga Arnal.

Na cidade de Lugo, a catorce de decembro de dous mil, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na Sala de Xuntas da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

Visto no día da data o expediente número 6/2000, para a posible clasificación como veciñal en man común do monte "DE PALLARVELLO e DE PORFÍA" no concello de **PEDRAFITA DO CEBREIRO**, iniciado por acordo do Xurado coa data do **14 de decembro de 1999**, sendo vocal instructor do mesmo **DON MANUEL VEIGA FRANCO**, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Aceptado o cargo polo vocal instructor (coa data do 12 de xaneiro de 2000), iniciouse o expediente número 6/2000 (por instancia do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo), poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da **ACTA** da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vocal instructor.

SEGUNDO: Coa data do 14 de xaneiro de 2000, recabouse do Servizo de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

TERCEIRO: Coa data do 31 de xaneiro de 2000, recibíuse certificación do Servizo de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, na que se fai constar que o monte "DE PALLARVELLO e DE PORFÍA", non figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

CUARTO: Coa data do 29 de febreiro de 2000 (registro de saída número 28.674, do día 1 do mes de marzo do mesmo ano), solicitáronse do Rexistro da Propiedade de **BECERREÁ** os documentos seguintes:

1º) certificación dos asentos que poidan afectar ó terreo en cuestión e que acredite o nome das persoas a favor das que estea inscrito, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos.

2º) certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

QUINTO: Coa data do 28 de abril de 2000, recibíuse certificación do Rexistro da Propiedade de **BECERREÁ**, na que se fai constar que o monte "**DE PALLARVELLO e DE PORFÍA**" non figura inscrito nese Rexistro, que non existe ningunha solicitude notarial de información sobre este predio e que non existe presentado no libro Diario documento ningún pendente de inscrición, polo que se transfira, grave ou modifique o dominio do predio que se certifica.

SEXTO: Coa data do 22 de maio de 2000, (registro de saída número 70.042, do día 24 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó Servizo Provincial de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, a iniciación do expediente.

SÉTIMO: Coa data do 22 de maio de 2000 (registro de saída número 70.052, do día 24 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó Rexistro da Propiedade de **BECERREÁ** a iniciación do expediente e solicitouse **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

OITAVO: Coa data do 22 de maio de 2000 (registros de saída números 70.097 e 70.106, do día 24 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó concello de **PEDRAFITA DO CEBREIRO** a iniciación do expediente e remitíronselle **EDICTOS** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia ós que pertence o citado monte.

NOVENO: Coa data do 22 de maio de 2000 (registro de saída número 70.175, do día 24 do mesmo mes e ano), remitiuse **EDICTO** para a súa publicación no **D.O.G.**, poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

DÉCIMO: Coa data do 24 de maio de 2000 (registro de saída número 70.592, do día 25 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó alcalde de barrio da parroquia de **PADORNELO**, concello de **PEDRAFITA DO CEBREIRO**, o dereito da comunidade de veciños á elección de dous representantes, que poderán asistir ás reunións do Xurado nas que se estudie o expediente do monte "**DE PALLARVELLO e DE PORFÍA**", (con voz pero sen voto).

DÉCIMO PRIMEIRO: Coa data do 2 de xuño de 2000 (registro de entrada número 98.033, do día 7 do mesmo mes e ano), recibíuse comunicación da comunidade de veciños dos lugares de **PALLARVELLO e DE PORFÍA**, parroquia de **PADORNELO**, concello de **PEDRAFITA DO CEBREIRO**, na que como vocais representantes no Xurado pola comunidade implicada no procedemento, resultaron elixidos:

DON JESÚS AIRA RODRÍGUEZ.
DON MANUEL CARRETE RODRÍGUEZ.

DÉCIMO SEGUNDO: Coa data do 19 de xuño de 2000 (registro de entrada número 147.260, do día 1 de setembro do mesmo ano), recibíuse escrito asinado por **DON MANUEL EUGENIO DE NEIRA POL**, veciño de **LUGO**, no que manifesta que é propietario dos montes coñecidos polos

nomes de "VALDAMOURA" e "FONTAO e BARRANCAS", que se dicía aproveitados polos vecinos de PALLARVELLO, PORFÍA e PADORNELO. Prega que de estar incluídos no perímetro que se pretende clasificar sexan excluídos do mesmo. Acompaña:

- Fotocopias simples dunha declaración de herdeiros, coa data do mes de xaneiro de 1930.
- Fotocopias simples dunha demanda interposta coa data do 24 de setembro de 1906.
- Fotocopias simples dunha sentenza do ano 1909.
- Fotocopias simples doutros documentos.

DÉCIMO TERCEIRO: Coa data do 22 de xuño de 2000, aparece publicado o **EDICTO** no **D.O.G.** número 121, páxinas 9.812, 9.813, 9.814 e 9.815, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente de clasificación do monte "DE PALLARVELLO e DE PORFÍA".

DÉCIMO CUARTO: Coa data do 3 de xullo de 2000, recibíuse comunicación do Rexistro da Propiedade de **BECERREÁ**, na que se fai consta-la anotación preventiva feita polo mesmo (Letra A, predio 2.537, folio 121 do tomo 435 do arquivo, libro 29 de Pedrafita do Cebreiro).

DÉCIMO QUINTO: Coa data do 12 de setembro de 2000 (registro de entrada número 154.789, do día 15 do mesmo mes e ano), recibíuse escrito asinado por varios veciños da parroquia de **PADORNELO** no concello de **PEDRAFITA DO CEBREIRO**, no que manifestan a súa rotunda oposición a que os montes sexan declarados veciñais en man común, xa que consideran non reúnen as condicións esixidas pola lei, que foron transmitidos de pais a fillos e que estiman son bens de propiedade privada. Acompañan:

- Fotocopias simples de operacións particionais.

DÉCIMO SEXTO: Coa data do 19 de setembro de 2000 (registros de saída números 123.788, 123.791 e 123.792), remitíronse escritos relativos ó trámite de audiencia a **DON MANUEL EUGENIO DE NEIRA POL**, **DON JESÚS AIRA RODRÍGUEZ**, e **DON MANUEL CARRETE RODRÍGUEZ**, interesados no expediente.

DÉCIMO SÉTIMO: Coa data do 22 de setembro de 2000 (registro de entrada número 159.070, do día 25 do mesmo mes e ano), recibíuse **CERTIFICACIÓN** do concello de **PEDRAFITA DO CEBREIRO**, na que se fai constar que o **EDICTO** estivo exposto no taboleiro de anuncios dese concello desde o día 5 de maio de 2000 ata o 22 de setembro do mesmo ano, sen que se producira ningunha reclamación contra os mesmos nas oficinas municipais.

DÉCIMO OITAVO: Coa data do 27 de setembro de 2000, comparece no expediente dentro do prazo concedido para o trámite de audiencia: **DON JESÚS AIRA RODRÍGUEZ**, veciño do lugar de **PALLARVELLO**, parroquia de **PADORNELO**, no concello de **PEDRAFITA DO CEBREIRO**. Ratifícase na súa oposición a que se clasifique como veciñal en man común, tal e como se manifestaba no escrito asinado por varios veciños e ó que se fai referencia no **ANTECEDENTE DE FEITO DÉCIMO TERCEIRO**.

DÉCIMO NOVENO: No expediente de investigación previa (carpeta-ficha) figura a comparecencia feita por unha representación veciñal do lugar de Pallarvello, coa data do 29 de outubro de 1970, na que manifestaron que en termos deste pobo hai uns montes chamados:

1.- **VALDAMOURA:** Situado entre o termo do Seixo e Val do Curro, está partido desde antigo entre vecinos de Porfía e Pallarvello e así está repartida a contribución. Aproveitase segundo as parcelas

para roza de mato e sementceiras, facendo o pastoreo en común. Non o colleu a repoboación.

2. FONTAOS e BARRANCAS: Está situado entre os predios particulares de Val do Curro e o camiño de Poio á Braña; está partido desde antigo entre veciños de Porfía e Pallarvello e así está tamén repartida a contribución. Aproveitase segundo as parcelas para roza de mato e sementceiras, facendo o pastoreo en común. Non o colleu a repoboación.

3.-NEGREDOS: Está situado do camiño de Poio á Braña arriba ata os termos de Padornelo e Hospital. Aproveitase mancomunadamente polos veciños de Pallarvello, Porfía e Padornelo. Parte deste monte foi collido pola repoboación do perímetro Serra do Rañadoiro. Ós posibles beneficios desta repoboación terán dereito os veciños dos tres pobos a partes iguais.

Noutra comparcencia feita na mesma data por unha representación veciñal do lugar de Porfía, manifestaron: Que en termos deste pobo hai uns montes chamados: "Cabeza Grande" e "Tallos e Serra da Casta", que estaban partidos desde tempo inmemorial en partes desiguais, con arreglo ás que se pagaba a contribución. Foi collido pola repoboación forestal co perímetro nº 3 chamado Serra de Rañadoiro. Ós posibles beneficios sobre esta repoboación terán dereito os propietarios de parcelas ocupadas, cada un co que xustifique.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdicción para coñece-lo expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- O monte "**DE PALLARVELLO e DE PORFÍA**" ten situada ó leste unha parcela dunhas 25 hectáreas que está en parte repoboada como monte "**SERRA DE RAÑADOIRO**", e aberta por debaixo da plantación e con aproveitamento comunitario. Reviste o carácter de veciñal en man común conforme ó disposto no artigo 1 da devandita Lei.

O resto do monte que figura no expediente de investigación previa (carpeta-ficha), está partido entre os veciños que nalgunhas particións transformárono en pastizais e noutras, que están cubertas de mato e con frondosas de rexeneración natural, teñen cerramentos de pedra e aramio.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, resolve:


CLASIFICAR como veciñal en man común o monte das seguintes características:

Nome: "**DE PALLARVELLO e DE PORFÍA**".
Pertenza: veciños dos lugares de Pallarvello e de Porfía.
Parroquia: Padornelo.
Superficie: 25 hectáreas.
Concello: Pedrafita do Cebreiro.

Estremas:

Norte: pola divisoria de augas co monte Carballal dos veciños de Padornelo e Sabugos (parroquia de Padornelo), desde os predios particulares ata Fontaos, e desde Fontaos polo alto, co monte Negrodo

dos veciños de Padornelo, Pallarvello, Porfia e Sabugos (parroquia de Padornelo). **Leste:** segue lindando co monte Negrodo dos veciños de Padornelo, Pallarvello, Porfia e Sabugos ata a súa confluencia co monte dos veciños de Pacios (parroquia de Pacios). **Sur:** co monte dos veciños de Pacios (parroquia de Pacios) e predios particulares. **Oeste:** predios particulares.



The image shows a circular official stamp on the left with the text "XURADO PROVINCIAL DE MONTES EN MAN COMÚN" and "LUGO" around a central crest. To the right of the stamp are several handwritten signatures in black ink, including a large signature that appears to be "Vic. A. Rodríguez" and another signature to the right.

Prov.*	Munic.*	Comunidad Prop.*	N. monte
LU	45	8.6 8.7	1

CLAVE DEL MONTE

• 3. - ESTADO FISICO

Ref.* Índice

3.1 SITUACION. ALTITUD. ACCESOS.

Este monte mancomunado de los pueblos de PALLARVELLO Y PORFIA está situado en su mayoría al S. E. del pueblo de Pallarvello, en forma de "V" en torno a sus fincas particulares. Está formado por las laderas que desde Escandada hacia el N. y de Fontaos hacia el S. bajan hasta el arroyo de Curro, formando la cuenca primaria de éste; tienen pendientes relativamente fuertes aunque regulares, con altitudes comprendidas entre los 1.150 y 1.400 m.

Los accesos directos a todo el monte son los caminos de carro desde los pueblos; en el extremo N., en Poyo, toca este monte a la carretera de Sarria a Piedrafita.

3.2 SUPERFICIE.

168 Has., obtenidas mediante planimetrado sobre 1/25.000.

Prov.*	Munic.*	Comunidad Freg.*	N.º monte
LU	45	8.6 8.7	1

Ref. Índice

CLAVE DEL MONTE

3.3

LINDEROS.

- N.- Monte de Porfia y monte Carbballal de Padornelo y Sabugos.
 E.- Monte Negrodo de vecinos de Pallarvello, Porfia, Padornelo y Sabugos y monte de Pacios.
 S.- Monte de Seijo.
 O.- Monte de Louzarella y término de Porfia.

3.4

DESCRIPCION DEL PERIMETRO.

El perímetro de este monte, comprendiendo también todo el término vecinal de Pallarvello, con fincas particulares y el mismo pueblo, puede describirse empezando por el extremo N., en Poyo, en la carretera de Sarria a Piedrafita, donde concurren con este monte los de Porfia, de Padornelo, y Carbballal de Padornelo y Sabugos. Con este último limita en dirección S.E. por la divisoria de aguas hasta Fontaos, donde ya empieza a limitar con monte Negrodo, con el que sigue hacia el S. por el camino que va por el alto hacia Seijo hasta llegar al límite con el monte de Pacios, con el que sigue hacia el S.O. hasta Pozo da Legua. Aquí empieza a limitar con monte de Seijo, con el que sigue en dirección N.O. por toda la loma de Escandada hasta llegar a Penelo da Roxa, ya en el límite con el monte de Louzarella;

Prov.*	Munic.*	Comunidad Prop.*	N.* monte
LU	45	8.6 8.7	1

Ref.* Índice

CLAVE DEL MONTE

3.4

con este baja en dirección N.O. hasta Torno, ya en el límite con los prados del término de Porfia; con éste divide en dirección N.E., por entre fincas particulares bajando al arroyo de Curro, cruzando éste por Veiga y subiendo por un vagante a Poyo, donde se comenzó.

3.5

OBSERVACION SOBRE LIMITE CON FINCAS PARTICULARES

El límite de este monte con fincas particulares no puede ser muy preciso si se tiene en cuenta que también existe parcelación en el mismo monte. Se ha llegado con los límites de este hasta donde existía seguridad o duda razonable de que pudiera pertenecer al monte de referencia. En caso de que llegase a ser calificado como vecinal en mano común, sería necesario deslinde parcial en tal colindancia con particulares.

